

# IMPORTES AXUDAS DE CUSTO, QUILOMETRAXE E OUTROS

Tempada 2024/25. Circular 24-02.

## Xerais

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaránse 0,23 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaránse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establécese en 15 euros.

## Desprazamentos da selección galega

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera das seleccións galegas corresponderalles a cantidade de 30 euros por día de competición. No Campionato de España por Autonomías pagaránse amais 50 euros polos días de desprazamento.

## Concentracións organizadas pola FEGAN

Nas concentracións pagaránse os gastos de desprazamento e aloxamento aos adestradores colaboradores convocados.

## Programa GES

Aos adestradores convocados que se despracen acompañando a calquera dos seus deportistas corresponderalles a cantidade de 15 euros por sesión de traballo. Amais no caso de desprazarse en vehículo propio a federación pagaralles 0,23 euros por quilómetro empregando a táboa de distancias quilométricas por estrada do “Mapa de Carreteras” do Ministerio de Fomento. Independentemente, pagaránse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A Coruña, 14 de xuño de 2024